

Nº de Socio: _____
(A cubrir pola ANPA)

Faite socio e colabora connosco en tentar conseguir un cole mellor para os nosos fillos.

- A condición de socio adquirese cada ano co pago da cota e é imprescindible encher o formulario de inscrición.
- Para beneficiarse dos descontos nas actividades xestionadas polo ANPA terase que estar dado de alta e ao corrente de pago como socio antes do 1 de decembro de 2021
- Unha vez enchido o formulario e realizado o pago da cota rogamos nos envíen por email a **anpapasanta@gmail.com** ou por whatsapp ó número **660103264** unha copia do **pago** (serven unhas fotografías do móbil onde se vexan ben todos os datos) e **do impreso cuberto**.

A cota anual de inscrición é de 20 euros por familia.

Banco Santander	ES79 0238 8126 1906 0001 6312
-----------------	-------------------------------

Solicitud de inscripción de socio para o curso escolar 2021/22

DATOS DO SOCIO (Pai, Nai ou Titor do alumno)			
Nome e apelidos		DNI	
Correo electrónico		Teléfono	
Dirección			
	Localidade	Código Postal	
Desexo recibir noticias e información relacionadas co ANPA e o colexio na miña dirección de email (marcar cunha X)			

Nome e apelidos dos alumnos	Ano de nacemento	Curso

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do disposto polo Regulamento Europeo de Protección de Datos (UE) 2016/679 e na normativa nacional na materia, infórmase de que os seus datos de carácter persoal serán incorporados nun ficheiro propiedade da ANPA PORTA SANTA con dirección en Porta Santa 19 – Paiozaco – A Laracha – C.P. 15145 – A Coruña.

A ANPA PORTA SANTA garántelle a adopción das medidas de seguridade oportunas para garantir o tratamento confidencial dos devanditos datos. Poderá exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos persoais, nos termos e condicións previstos en LOPD mediante carta ou correo electrónico dirixido á Xunta Directiva da ANPA.

Así mesmo, infórmase de que os seus datos poderán ser cedidos a:

A empresa que xestione o servizo de comedor e madrugadores, as empresas ou entidades organizadoras de actividades extraescolares, compañías aseguradoras, póliza de accidentes, a entidade bancaria contratada para domiciliacións bancarias, a xestoría administrativa que preste servizos de asesoramento á ANPA e á dirección do centro ou administracións públicas que o soliciten.

Só se comunicarán os datos necesarios para o cumprimento destas finalidades. No caso de que vostede non autorice esta comunicación deberá poñelo en coñecemento da ANPA PORTA SANTA con dirección en Porta Santa 19 – Paiozaco – A Laracha – C.P. 15145 – A Coruña ou no correo electrónico **anpapasanta@gmail.com**.

Conforme (Nome, apelidos, DNI e firma)

Data _____ 2021

Asndo. D./Dna _____ D.N.I: _____

Unha nova etapa comenza para os nosos fillos e fillas, entras ás aulas, cheos de retos, de estímulo, de xogos e experiencias.

Neste percorrido eles e elas, os cativos, son os protagonistas, pero dende as casas as súas familias tamén os acompañamos neste camiño.

Para facelo xuntos, propoñémosvos que a ANPA sexa o noso punto de encontro común, onde sexa doado comunicarnos e axudarnos ante calquera obstáculo.
BENVIDAS!!!!!!!!!!!!

Que é unha ANPA?

Unha ANPA é unha asociación integrada por pais e nais do alumnado do colexio no que se atopan os seus fillos e fillas.

A ANPA é unha canle fundamental de participación dos pais e nais na comunidade escolar.

A pertenza a mesma é voluntaria e pódese pertencer como asociado durante todo o tempo que os nosos fillos e fillas permanezan no centro.

Está representada por unha xunta directiva composta de:
Presidente/a, Vicepresidente/a, Secretario/a, Tesoureiro/a e Vocais.

Por que participar nunha ANPA?

Como nais e pais queremos o mellor para os nosos fillos e fillas e para o axeitado desenvolvemento da súa personalidade, co fin de que aprendan a superar dificultades, convivir con todos e respectar as diferenzas e impulsar un modelo integrador e valente de Ensino Público, que non se limite a preparar intelectualmente, senón que prepare para a vida e para, desde a solidariedade, mellorar as relacións sociais.

Outros motivos que son os que fundamentan realmente a participación nunha ANPA serían que a través dela:

- As familias podemos ser escoitadas no colexio e nas Administracións competentes en materia de educación, respecto ó que pensamos sobre a educación que están a recibir os nosos fillos e fillas.
- Podemos estar ó día como nais e pais do que acontece no lugar onde os nosos fillos e fillas pasan 5 horas e máis, de luns a venres durante 9 meses; ese tempo é maior ás veces que nós podemos pasar con eles e elas.
- Pola necesidade de estar unidos á hora de reivindicar aspectos que nos axuden a mellorar o ensino público.
- Porque un movemento de pais e nais agrupados fan que as iniciativas e peticións sexan vistos con maior respecto por las Administracións públicas, polo profesorado, pola sociedade, etc.
- Pola importancia de levar aos Consellos Escolares a presenza dos pais e nais, organizados nas ANPAs para defender os intereses de todos.
- Porque para realizar a formación activa dos pais e nais é necesario unir esforzos e ideas.
- Porque todos somos necesarios para mellorar a calidade de vida para os nosos fillos e fillas.

As ANPAS existimos porque sabemos que a pasividade supón unha complicidade con quen move os fíos para debilitar o ensino público. Formamos parte da comunidade educativa. O colexio non é so o profesorado e os alumnos, tamén nós, pais e nais formamos parte del.

Porque existe un marco legal onde se ampara o noso dereito a participar na vida do centro escolar.

Porque é a nosa responsabilidade educar aos nosos fillos e fillas.

Finalidade dunha ANPA

Representar os pais e nais no Consello escolar.

Informar e asesorar os pais e nais das actividades propias da ANPA.

Asistir e asesorar os pais e nais en todo aquilo que concirne á educación dos seus fillos e fillas. Potenciar a participación da familia na vida do centro.

Promover a calidade educativa.

Colaborar co profesorado e o alumnado para o bo funcionamento do centro.

Fomentar a convivencia entre a comunidade educativa.

Promover o principio de igualdade de dereitos de todos os alumnos e alumnas, sen discriminación por razóns socioeconómicas, ideolóxicas, confesionais, raza ou sexo.

XUNTA DIRECTIVA:

Presidenta: Paula Sexto Novegil

Vicepresidenta: María Dolores Bua Soneira

Secretaria: Ana María Someso García

Tesoureira: Ana Belen Loureiro Rodríguez

Vocal: Alejandro Mallo Ramos

Vocal: Carlos Ramilo Méndez

Calquera dúbida ou suxestión pódese dirixir a:

Email: anpapasanta@gmail.com



Anpa Porta Santa



660 10 32 64

